

de 1957, sobre montes (BOE 151) e ó seu Regulamento do 22 de febreiro de 1962.

O que se notifica de acordo co disposto no artigo 137 da Lei de procedemento administrativo antes citada, concedéndolle un prazo de 8 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta notificación, para que poida alegar canto considere conveniente á súa defensa.

A Coruña, 4 de xaneiro de 1994.

Ramona Ferreiro Nóvoa  
Instructora

#### ANEXO

Expediente: 26/1993M.

Denunciado: Amador Louro Tubío.

Último enderezo coñecido: r/ Brasil nº 7.1º Noia.

Feito denunciado: corta ilegal de 12 pinus pinaster.

Precepto infrinxido: 411 do Regulamento de montes.

Precepto sancionador: o mesmo.

Sanción proposta: 9.600 + 9.600 19.200 ptas.

*Edicto do 10 de decembro de 1993, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se inicia a tramitación do expediente de clasificación dos montes Fonte de Sapo e outros (Campiño, Medoña e Armada), pertencentes á comunidade veciñal da parroquia de Saiáns, concello de Vigo.*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión celebrada o día 28 de setembro de 1990, acordou iniciar os trámites para a clasificación como veciñal en man común do seguinte monte:

Concello: Vigo.

Parroquia: Saiáns.

Nome do monte: Fonte de Sapo e outros (Campiño, Medoña e Armada).

Cabida: 49 ha.

Límites.

Norte: montes de San Miguel de Oia.

Sur: termo municipal de Nigrán. Predios particulares e termo municipal de Nigrán.

Leste: termo municipal de Nigrán.

Oeste: predios particulares.

O que se pon en coñecemento de tódolos interesados, para efectos de abrir un período de información de un mes de duración para que se poida examinalo expediente e aducir durante este tempo o que se estime procedente en relación co monte de referencia, todo isto de acordo co disposto no artigo 11 da Lei do parla-

mento de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o artigo 23.2º do Decreto 260/1992, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Pontevedra, 10 de decembro de 1993.

Gerardo Zugasti Enrique  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

*Edicto do 28 de decembro de 1993, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 02/0005001/1993 P interposto por Dolores Muñiz Reboreda e Carmen Muñiz Reboreda.*

O 17 de decembro de 1993, o presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra recibe da Sala do Contencioso-Administrativo sección segunda, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo 02/0005001/1993 P, interposto por Dolores Muñiz Reboreda e Carmen Muñiz Reboreda contra acordos do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man Común 12-7-1993 sobre clasificación como veciñais en man común dos montes Bizocas e outros.

En consecuencia, esta presidencia acordou, nesta data e de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento, que quedan emprazadas para que poidan presentarse e comparecer en forma nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días.

Pontevedra, 28 de decembro de 1993.

Gerardo Zugasti Enrique  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

#### CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓN LABORAIS

*Resolución do 29 de decembro de 1993, da Dirección Xeral de Xustiza e Interior, pola que se fan públicas as resolucións dos expedientes sancionadores que se citan (GA-80-4/1991 e outro).*

—Expediente sancionador: GA-80-4/1991.

Intentada a notificación directa ós interesados, da resolución dictada no seu día pola Consellería da Presi-